



BASES DE PARTICIPACIÓN CONCURSO ESCAPARATES DE NADAL 2022

Prego de Bases que rexerán o **XVI Concurso de Escaparates de Nadal 2022**, organizado polo Concello de Santa Comba e a colaboración da Asociación de Empresarios.

1. Participantes: Poderán participar tódolos comercios e establecementos ubicados no Concello de Santa Comba.
2. Inscripción: A participación en dito concurso é totalmente gratuíta, debendo de inscribirse nos seguintes contactos da Asociación de Empresarios de Santa Comba, en horario de 9:30h. a 15:00h nos teléfonos 981 818 604 e 633 181 817 ou na súa sede na Rúa Pontevedra nº 9 entrechán; ou no contacto do Concello de Santa Comba, 981 818 710 (Edificio Multiusos).
- 3.- O prazo de inscrición comezará o luns 12 de decembro rematando o venres 23 de decembro ás 13:00 h.
- 4.- Xurado: Estará composto por tres profesionais da decoración designados pola organización.
- 5.- Os escaparates serán examinados polo xurado profesional entre o luns 26 e o venres 30 de decembro, e os escaparates deberán de permanecer expostos dende o venres 23 de decembro ata o sábado 7 xaneiro de 2023.
- 6.-Valoración dos escaparates. Para a valoración o xurado profesional terá en conta os seguintes aspectos:
 - Temáticas de Nadal: terase en conta a decoración con temática de Nadal.
 - O escaparate deberá ter relación co produto que se vende.
 - Terase en conta o traballo manual de cada un dos establecementos participantes, valorarase positivamente tódolos elementos feitos a man.
 - A orixinalidade e iluminación serán outros dos aspectos a ter en conta así como a innovación e a integración no espazo.
 - Valorarase a non repetición de elementos decorativos doutros anos.



7.- PREMIOS:

1º Premio, 350€ en vales de compra no comercio local.

2º Premio, 250€ en vales de compra no comercio local.

3º Premio, 175€ en vales de compra no comercio local.

4º Premio, 125€ en vales de compra no comercio local.

Premio especial Redes Sociais, 100€ en vales de compra no comercio local.

*O resto de participantes recibirá un agasallo conmemorativo por parte da Asociación de Empresarios de Santa Comba.

* Os tres primeiros premios serán concedidos polo xurado profesional mentras que o cuarto premio concederáse por medio das interaccións das redes sociais do Concello.

* Os catro premiados polo xurado profesional subiránse nas redes sociais do Concello (Facebook SantaComba Info+) o día 2 de xaneiro ás 10:00h.

* No referente a este premio a través de Redes Sociais, o quinto premio do Concurso 2022, colgarase nas redes do Concello (Facebook SantaComba Info+) unha foto de cada un dos escaparates (menos dos catro premiados polo xurado profesional), dende o día 2 de xaneiro de 2023 ás 12:00h. ata o 7 ás 12:00h).

O escaparate que máis interaccións obteña nas redes, será o Premio Especial de Redes Sociais.

8.- A entrega de premios realizarase, nunha data fixada no mes de Xaneiro conxuntamente pola Asociación de Empresarios e Concello de Santa Comba, na Casa do Pozo ou no Edificio Multiusos en data por definir.

9.- Os vales de premios deberánse recoller e gastar no Comercio Local antes do martes 28 de febreiro de 2023.

10.- O feito de participar neste concurso supón a aceptación destas bases.

Santa Comba, 9 de Decembro de 2022.

A Alcaldesa de Santa Comba

O Presidente da Asociación de Empresarios

María Josefa Pose Rodríguez

Diego Vilas Boga

Firmado por VILAS BOGA DIEGO
- ***0407** el día 12/12/2022
con un certificado emitido
por AC FNMT Usuarios